

Hinojos, Huévar, Isla Mayor, Lebrija, Mairena de Alcor, Mairena del Aljarafe, Palacios e Villafranca (Los), Palomares del Río, Pilas, Puebla del Río (La), Rinconada (La), Salteras, Sanlúcar la Mayor, San Juan de Aznalfarache, Santiponce, Sevilla, Tomares, Umbrete, Utrera, Valencina de la Concepción, Villamanrique de la Condesa, Viso del Alcor (El)

Comunidade Autónoma de Cataluña

Provincia de Tarragona:

Municipios de: Amposta, Sant Carles de la Rápita, Sant Jaume d'Enveja, Aldea, Ampolla, Camarles, Deltebre, Roquetes e Tortosa.

Provincia de Barcelona:

Municipios de: Begues, Castelldefels, Castellví de Rosanes, Cervelló, Corberá de Llobregat, Cornellá de Llobregat, Esplugues de Llobregat, Gavá, Martorell, Molins de Rei, Pallejá, La Palma de Cervelló, El Papiol, El Prat de Llobregat, Sant Andreu de la Barca, Sant Boi de Llobregat, Sant Climent de Llobregat, Sant Feliu de Llobregat, Sant Joan Despí, Sant Just Desvern, Sant Vicenç dels Horts, Santa Coloma de Cervelló, Torrelles de Llobregat, Vallirana, Viladecans, Barcelona, L'Hospitalet de Llobregat, Sitges, Castellbisbal, Sant Cugat e Rubí.

Provincia de Girona:

Municipios de: l'Armentera, Borrassá, Cabanes, Cadaqués, Castelló d'Empúries, Colera, l'Escala, El Far d'Empordá, Figueres, Fortiá, Garrigás, Garriguella, Lançá, Masarac, Mollet de Peralada, Palau de Santa Eulália, Palau-Saverdera, Pau, Pedret i Marzá, Peralada, El Port de la Selva, Rabós, Riumors, Roses, Sant Miquel de Fluviá, Sant Mori, Sant Pere Pescador, Santa Llogaia d'Alguema, Saus, La Selva de Mar, Siurana, Torroella de Fluviá, Ventalló, Vilabertran, Viladamat, Vilafrant, Vilajuiga, Vilamacolum, Vilamalla, Vilamaniscle, Vila-sacra, Vilaür, Albons, Bellcaire d'Empordá, Garrigoles, Jafre, a Tallada, Torroella de Montgrí, Ullá, Verges e Vilopriu.

Comunidade Autónoma das Illes Balears

Municipios de: Sa Pobla, Pollença, Alcudia, Muro e Santa Margalida.

Comunidade Autónoma de Cantabria

Municipios de: Ampuero, Argoños, Arnauero, Bárcena de Cicero, Bareyo, Colindres, Escalante, Hazas de Cesto, Laredo, Liendo, Limpias, Meruelo, Noja, Santoña, Solórzano, Rasines e Voto.

Comunidade Autónoma da Región de Murcia

Municipios de: San Pedro del Pinatar, San Javier, Los Alcázares e Torre Pacheco.

Comunidad Valenciana

Provincia de Valencia:

Municipios de: Valencia, Alfafar, Sedaví, Benetúser, Massanasa, Catarrosa, Albal, Beniparrell, Silla, Alcocer, Paiporta, Picaña, Torrente, Lugar Nuevo de la Corona, Picassent, Alfarf, Sueca, Sollana, Almussafes, Benifaió, Alginet, Algemesí e Albalat de la Ribera.

Provincia de Alicante:

Municipios de: Santa Pola, Elche, Crevillente, Albalera, San Isidro, Catral, Dolores, Cox, Granja de Rocamora, Callosa de Segura, Benijófar, San Fulgencio, Guardamar de Segura, Almoradí, Daya Nueva, Daya Vieja, Rojales, Formentera del Segura, Algorfa, Torre Vieja e Rafal.

XEFATURA DO ESTADO

18933 LEI ORGÁNICA 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional. («BOE» 276, do 18-11-2005.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mundo vive hoxe cambios profundos que teñen evidentes consecuencias na estrutura, organización e funcións dos exércitos. España débese acomodar a esas transformacións, para asegurar a súa propia seguranza e defensa e para contribuír á paz e a mellorar a orde internacional.

Desde a promulgación en 1980 da Lei orgánica sobre criterios básicos da defensa nacional e a organización militar, modificada parcialmente en 1984, mudou profundamente o cadro internacional de referencia e a propia sociedade española sen que se alterase, basicamente, o modelo organizativo das nosas Forzas Armadas.

O novo recrutamento de nosos exércitos, a desaparición do servizo militar obrigatorio e a implantación dun modelo de forzas armadas profesionais son cambios tan relevantes que reclaman unha lexislación orgánica da defensa adaptada a eles.

O escenario estratéxico viu desaparecer a política de bloques que protagonizou a guerra fría e emerxer a globalización e un novo marco nas relacións internacionais. Ao mesmo tempo, xunto aos riscos e ameazas tradicionais para a paz, a estabilidade e a seguranza, xorden outros como o terrorismo transnacional con disposición e capacidade de inflixir dano indiscriminadamente.

Diminúen as guerras de tipo convencional, pero proliferan conflitos armados que, tanto polas súas causas como polos seus efectos, teñen implicacións notables alén do lugar onde se producen. Hoxe, ademais dun dereito básico e unha necesidade das persoas e as sociedades, a seguranza é un reto, e lograr que sexa efectiva require a concorrencia da defensa como un dos dereitos necesarios para atinxila, xunto á defensa dos dereitos humanos, a loita pola erradicación da pobreza e a cooperación ao desenvolvemento, que tamén contribúen a este fin.

No ámbito da seguranza e a defensa, a interdependencia entre os Estados é considerable, polo que estes se agrupan en organizacións que fomentan, desenvolven e incrementan os niveis de estabilidade, como a Organización das Nacións Unidas e a Organización para a Seguranza e Cooperación Europea. Desde 1980 España incorporouse á Organización do Tratado do Atlántico Norte e á Unión Europea Occidental. Ademais, a Constitución europea, ratificada recentemente en referendo polo noso país, establece as bases para construír unha auténtica política de seguranza e defensa común no marco da Unión Europea. A nosa estratexia débese fundamentar nun sistema multilateral de accións e iniciativas, baseado no recoñecemento de que o Consello de Seguranza das Nacións Unidas ten a responsabilidade fundamental no mantemento da paz e seguranza internacionais.

Así mesmo, debemos ter en conta a revolución tecnolóxica das últimas décadas, algunhas de cuxas innovacións proceden do propio ámbito da defensa ou ben encontraron aplicación nel.

A proxección internacional de España e da nosa política de defensa no conxunto da acción exterior fai que, desde finais do século XX, as nosas Forzas Armadas veñan actuando fóra das nosas fronteiras como observadores, como forzas de interposición, de mantemento da paz e de axuda humanitaria.

Esta circunstancia demanda incluír na lei misións que non estaban recollidas expresamente na anterior normativa, presupostos rigorosos canto ao respecto á legalidade internacional destas operacións e mesmo innovadores canto ao seu control.

En relación coas misións no exterior, as Cortes Xerais, que representan a soberanía nacional, deben ter unha maior participación e protagonismo. A lei somete ao seu debate as decisións gobernamentais e regula de maneira concreta as condicións que deben cumprir.

Recae no presidente do Goberno a responsabilidade da xestión das situacións de crise que afectan a defensa, do mesmo xeito que a dirección do conflito armado. Para asistilo créase o Consello de Defensa Nacional, órgano asesor, coordinador e consultivo cuxa composición se axusta ás necesidades de cada circunstancia. Ao ministro de Defensa encoméndaselle a execución e o desenvolvemento da política de defensa.

Para incrementar a eficacia das Forzas Armadas, a lei concreta a súa organización con criterios que posibiliten a acción conxunta dos Exércitos. A diferenza da anterior, que atribuía misións a cada Exército, esta considera as Forzas Armadas como unha entidade única e integradora das distintas formas de acción dos seus compoñentes e que posibilita o emprego óptimo das súas capacidades, sen que aqueles vexan minguada a súa especificidade.

Implántase agora unha organización que diferencia con claridade a estrutura orgánica e a operativa; a primeira, baixo a responsabilidade dos xefes de Estado Maior dos Exércitos, encargada da preparación da forza; a segunda, cuxo mando recae no xefe de Estado Maior da Defensa, encargada do seu emprego e establecida para o desenvolvemento da acción conxunta e combinada. Por outra parte, déixase sen efecto a organización territorial, aínda que con fins de representación e colaboración coas administracións públicas se mantén unha representación institucional.

A organización das Forzas Armadas, integradas no Ministerio de Defensa, responde aos principios de xerarquía, disciplina, unidade e eficacia. A lei establece o mandato de regular as regras esenciais para o cumprimento do deber por parte dos que integran a organización militar. Estas regras, inspiradas na tradición de nosos Exércitos e da Armada, constituíron a súa guía de conduta e, deste modo, cobran agora unha renovada importancia. O seu desenvolvemento regulamentario permitirá mantelos debidamente actualizados.

Canto aos recursos da Defensa Nacional, a súa achega apoiarase no principio de contribución gradual e proporcionada á situación que sexa preciso afrontar.

Para conseguir unha resposta progresiva ante situacións de crise ou conflitos armados requírese unha organización apropiada e eficaz, con suficiente grao de estabilidade, que integre a achega de toda clase de recursos necesarios para a preparación civil e na cal intervirá tamén o Consello de Defensa Nacional.

A desaparición do servizo militar obrigatorio exige que se preveña con maior relevancia o dereito e o deber que os españois teñen de defender España, segundo o establecido no artigo 30 da Constitución, para o cal se

reforza e actualiza a posibilidade de incorporación dos cidadáns, como reservistas, ás Forzas Armadas.

Esta lei dítase de acordo co previsto no artigo 8.2 e en exercicio da competencia prevista no artigo 149.1.4.^a da Constitución.

TÍTULO PRELIMINAR

Obxecto

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

Esta lei orgánica regula a defensa nacional e establece as bases da organización militar conforme os principios establecidos na Constitución.

Artigo 2. *Finalidade da política de defensa.*

A política de defensa ten por finalidade a protección do conxunto da sociedade española, da súa Constitución, dos valores superiores, principios e institucións que nela se consagran, do Estado social e democrático de dereito, do pleno exercicio dos dereitos e liberdades, e da garantía, independencia e integridade territorial de España. Así mesmo, ten por obxectivo contribuír á preservación da paz e seguranza internacionais, no cadro dos compromisos contraídos polo Reino de España.

TÍTULO I

Das atribucións dos poderes do Estado

Artigo 3. *A Coroa.*

Correspóndenlle ao Rei o mando supremo das Forzas Armadas e as demais funcións que en materia de defensa lle confire a Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 4. *As Cortes Xerais.*

1. Ás Cortes Xerais correspóndelles:

a) Outorgar as autorizacións previas para prestar o consentimento do Estado a obrigarse por medio dos tratados e convenios internacionais, así como as restantes autorizacións previstas no artigo 94.1.b) da Constitución.

b) Aprobar as leis relativas á defensa e os créditos orzamentarios correspondentes.

c) Debater as liñas xerais da política de defensa. Para estes efectos, o Goberno presentará as iniciativas correspondentes, singularmente os plans de recrutamento e modernización.

d) Controlar a acción do Goberno en materia de defensa.

e) Acordar a autorización a que se refire o artigo 63.3 da Constitución.

2. En particular, ao Congreso dos Deputados correspóndelle autorizar, con carácter previo, a participación das Forzas Armadas en misións fóra do territorio nacional, de acordo co establecido nesta lei.

Artigo 5. *O Goberno.*

Correspóndelle ao Goberno determinar a política de defensa e asegurar a súa execución, así como dirixir a Administración militar e acordar a participación das Forzas Armadas en misións fóra do territorio nacional.

Artigo 6. O presidente do Goberno.

1. Correspóndelle ao presidente do Goberno a dirección da política de defensa e a determinación dos seus obxectivos, a xestión das situacións de crise que afecten a defensa e a dirección estratéxica das operacións militares en caso de uso da forza.

2. O presidente do Goberno exerce a súa autoridade para ordenar, coordinar e dirixir a actuación das Forzas Armadas, así como dispor o seu emprego.

3. Así mesmo, no cadro da política de defensa, correspóndelle de forma específica:

a) Formular a Directiva de Defensa Nacional, na cal se establecerán as liñas xerais da política de defensa e as directrices para o seu desenvolvemento.

b) Definir e aprobar os grandes obxectivos e liñas estratéxicas, así como formular as directivas para as negociacións exteriores que afecten a política de defensa.

c) Determinar a aplicación dos obxectivos e as liñas básicas de actuación das Forzas Armadas, tanto no ámbito nacional como no da participación nas organizacións internacionais de que España forma parte.

d) Ordenar as misións das Forzas Armadas.

e) Exercer as demais funcións que lle atribúen as disposicións legais e regulamentarias.

Artigo 7. O ministro de Defensa.

1. Correspóndelle ao ministro de Defensa, ademais das competencias que lle asignan as leis reguladoras do Goberno e da Administración xeral do Estado, o desenvolvemento e a execución da política de defensa.

2. Así mesmo, e de forma específica, correspóndelle:

a) Asistir o presidente do Goberno na dirección estratéxica das operacións militares.

b) Dirixir a actuación das Forzas Armadas baixo a autoridade do presidente do Goberno.

c) Determinar e executar a política militar.

d) Dirixir, como membro do Goberno, a Administración militar e desenvolver as directrices e disposicións regulamentarias que adopte o Consello de Ministros.

e) Exercer as demais funcións que lle atribúen as disposicións legais e regulamentarias.

Artigo 8. Consello de Defensa Nacional.

1. O Consello de Defensa Nacional é o órgano colexiado, coordinador, asesor e consultivo do presidente do Goberno en materia de defensa. Por iniciativa do presidente do Goberno, poderá funcionar en pleno e como consello executivo.

2. O Consello de Defensa Nacional en pleno informará o Rei, por proposta do presidente do Goberno. Cando o Rei asista ás reunións do Consello, presidiráo.

3. Asistirá o presidente do Goberno na dirección de conflitos armados e na xestión das situacións de crise que afecten a defensa e, de forma xeral, nas demais funcións previstas no artigo 6 desta lei.

4. Correspóndelle tamén ao Consello emitir informe sobre as grandes directrices da política de defensa e ofrecer ao Goberno propostas sobre asuntos relacionados coa defensa que, afectando varios ministerios, exixan unha proposta conxunta.

5. O Consello de Defensa Nacional en pleno terá a seguinte composición:

a) O presidente do Goberno, que o presidirá.

b) Os vicepresidentes do Goberno.

c) Os ministros de Defensa, do Interior, de Asuntos Exteriores e de Cooperación e de Economía e Facenda.

d) O xefe de Estado Maior da Defensa.

e) Os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.

f) O secretario de Estado director do Centro Nacional de Intelixencia.

g) O director do Gabinete da Presidencia do Goberno.

6. O Consello Executivo terá a seguinte composición:

a) O presidente do Goberno, que o presidirá.

b) Os ministros de Defensa, do Interior e de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

c) O xefe de Estado Maior da Defensa.

d) O secretario de Estado director do Centro Nacional de Intelixencia.

e) O director do Gabinete da Presidencia do Goberno.

7. Poderán ser convocados, en función da natureza dos asuntos que se traten, tanto ao Pleno como ao Consello Executivo, o resto dos membros do Goberno. Así mesmo, poderán ser convocados ao Consello Executivo outros membros do Pleno do Consello.

8. Tamén poderán ser convocadas ao Consello de Defensa Nacional outras autoridades ou cargos da Administración xeral do Estado.

As autoridades ou cargos das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía deberán ser convocados cando se considere oportuno. Igualmente poderán ser convocadas autoridades dos gobernos locais ou aquelas persoas cuxa contribución se considere relevante.

9. Para o exercicio das súas funcións, o Consello contará coa Comisión Interministerial de Defensa, adscrita ao Ministerio de Defensa, como órgano de traballo permanente.

10. O réxime de funcionamento do Consello de Defensa Nacional e a composición e funcións da Comisión Interministerial de Defensa determinaranse regulamentariamente.

TÍTULO II**Organización****CAPÍTULO I****Ministerio de Defensa****Artigo 9. Ministerio de Defensa.**

1. O Ministerio de Defensa é o departamento da Administración xeral do Estado a que corresponde a preparación, o desenvolvemento e a execución da política de defensa determinada polo Goberno, a obtención e xestión dos recursos humanos e materiais para isto, así como a realización de cantos cometidos sexan necesarios para o cumprimento das misións que se lles asignen ás Forzas Armadas, consonte o disposto na presente lei.

2. No Ministerio de Defensa intégranse as Forzas Armadas, de forma que o conxunto da organización adquira a necesaria vertebración para posibilitar a execución eficaz da política de defensa e da política militar.

CAPÍTULO II

Organización das Forzas Armadas**Artigo 10. Forzas Armadas.**

1. As Forzas Armadas son o elemento esencial da defensa e constitúen unha entidade única que se concibe como un conxunto integrador das formas de acción específicas de cada un dos seus compoñentes: o Exército de Terra, a Armada e o Exército do Aire.

2. A organización das Forzas Armadas deberá posibilitar o cumprimento das misións que se lle encomenden no marco específico, conxunto e combinado, de forma que se asegure a eficacia na execución das operacións militares.

3. Os membros das Forzas Armadas integranse ou adscribíranse a distintos corpos, de acordo cos cometidos que deban desempeñar. Estes corpos poderán ser específicos dos exércitos ou comúns das Forzas Armadas.

Artigo 11. Organización básica.

1. As Forzas Armadas organízanse en dúas estruturas: unha orgánica, para a preparación da forza, e outra operativa, para o seu emprego nas misións que se lles asignen.

2. A estrutura orgánica posibilitará a xeración da estrutura operativa. Establecerase mediante criterios de funcionalidade baseados nos medios e formas propias de acción do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, e nunha organización homoxénea destes.

3. A estrutura operativa, establecida para o desenvolvemento da acción conxunta e combinada, organízase consonte o principio de unidade de mando e os criterios necesarios para a consecución da máxima capacidade operativa.

4. Para alcanzar o funcionamento de ambas as estruturas con criterios de eficacia e economía de medios, unificaranse os servizos cuxos cometidos non deban ser exclusivos dun Exército e organizaranse de maneira centralizada a loxística común e a adquisición de recursos.

Artigo 12. O Estado Maior da Defensa.

1. O Estado Maior da Defensa constitúe o órgano auxiliar de mando e apoio ao xefe de Estado Maior da Defensa. Organízase de forma que permita a definición e o desenvolvemento da estratexia militar, o planeamento e condución das operacións militares e o exercicio do resto das súas competencias.

2. O xefe de Estado Maior da Defensa exercerá o mando do Estado Maior da Defensa, en cuxa organización contará cun Cuartel Xeral e un Mando de Operacións subordinado. Cando calquera circunstancia lle impida exercer temporalmente o cargo, substituirá nas súas funcións, con carácter accidental, o xefe de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada ou do Exército do Aire de máis antigüidade.

3. En particular, correspóndelle ao xefe de Estado Maior da Defensa:

a) A función de asesoramento militar ao presidente do Goberno e ao ministro de Defensa, aos cales auxiliará na dirección estratéxica das operacións militares.

b) Exercer, baixo a dependencia do ministro de Defensa, o mando da estrutura operativa das Forzas Armadas e a condución estratéxica das operacións militares.

c) Asegurar a eficacia operativa das Forzas Armadas. Para tal fin, poderá supervisar a preparación das unidades da forza e avaliar a súa dispoñibilidade operativa.

d) Propor ao ministro de Defensa as capacidades militares adecuadas para executar a política militar.

e) Elaborar e definir a estratexia militar.

f) Establecer as normas de acción conxunta das Forzas Armadas e contribuír á definición das normas de acción combinada de forzas multinacionais.

g) Por delegación do ministro de Defensa, poderá exercer a representación militar nacional ante as organizacións internacionais de seguranza e defensa.

4. O xefe de Estado Maior da Defensa coordinará os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, aos cales impartirá directrices para orientar a preparación da Forza, co obxecto de asegurar a eficacia operativa das Forzas Armadas.

Artigo 13. O Exército de Terra, a Armada e o Exército do Aire.

1. O Exército de Terra, a Armada e o Exército do Aire compoñen a estrutura orgánica das Forzas Armadas e fornecen as capacidades básicas para a súa estrutura operativa. Cada un deles está composto por:

a) O Cuartel Xeral, constituído polo conxunto de órganos que encadran os medios humanos e materiais necesarios para asistir o xefe de Estado Maior no exercicio do mando sobre o seu respectivo Exército.

b) A Forza, establecida como o conxunto de medios humanos e materiais que se agrupan e organizan co cometido principal de prepararse para a realización de operacións militares. No seu ámbito levarase a cabo o adestramento, a preparación e a avaliación das súas unidades e realizaranse, en tempo de paz, as misións específicas permanentes que se lle asignen.

c) O Apoio á Forza, entendido como o conxunto de órganos responsables da dirección, xestión, administración e control dos recursos humanos, materiais e financeiros, asignados a cada un dos Exércitos. No seu ámbito dirixírase e controlárase o mantemento da Forza e levaranse a cabo as actividades do apoio loxístico que posibilitan a vida e o funcionamento das unidades, centros e organismos.

2. Os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire exercerán, baixo a autoridade do ministro de Defensa, o mando do seu respectivo Exército. Cando calquera circunstancia lles impida exercer temporalmente o cargo, substituirá nas súas funcións, respectivamente, con carácter accidental, o oficial xeral en servizo activo máis antigo dos que lles estean subordinados na súa estrutura orgánica.

3. En particular, correspóndelles aos xefes de Estado Maior:

a) Desenvolver a organización, de acordo co disposto polo ministro de Defensa, así como instruír, adestrar, administrar, proporcionar apoio loxístico e velar pola motivación, disciplina e benestar do seu respectivo Exército para manter en todo momento a máxima eficacia, de acordo cos recursos asignados.

b) Desenvolver e executar as misións que, en tempo de paz, teñan asignadas con carácter permanente.

c) Garantir a adecuada preparación da Forza do seu respectivo Exército para a súa posta ao dispor da estrutura operativa das Forzas Armadas.

d) Asesorar o xefe de Estado Maior da Defensa no emprego das unidades do seu Exército, así como na ela-

boración e formulación dos aspectos específicos das súas respectivas capacidades.

e) Velar polos intereses xerais do persoal militar baixo o seu mando, tutelando en particular o réxime de dereitos e liberdades derivado da norma constitucional e do seu desenvolvemento legal.

CAPÍTULO III

Xurisdición militar

Artigo 14. *Natureza e funcións.*

Os órganos da xurisdición militar, integrante do Poder Xudicial do Estado, basean a súa organización e funcionamento no principio de unidade xurisdicional e administran xustiza no ámbito estritamente castrense e, se é o caso, nas materias que estableza a declaración do estado de sitio, de acordo coa Constitución e o disposto nas leis penais, procesuais e disciplinarias militares.

TÍTULO III

Misións das Forzas Armadas e o seu control parlamentario

CAPÍTULO I

Misións da Forzas Armadas

Artigo 15. *Misións.*

1. As Forzas Armadas, de acordo co artigo 8.1 da Constitución, teñen atribuída a misión de garantir a soberanía e independencia de España, defender a súa integridade territorial e o ordenamento constitucional.

2. As Forzas Armadas contribúen militarmente á seguranza e defensa de España e dos seus aliados, no marco das organizacións internacionais de que España forma parte, así como ao mantemento da paz, a estabilidade e a axuda humanitaria.

3. As Forzas Armadas, xunto coas institucións do Estado e as administracións públicas, deben preservar a seguranza e o benestar dos cidadáns nos supostos de grave risco, catástrofe, calamidade ou outras necesidades públicas, conforme o establecido na lexislación vixente.

4. As Forzas Armadas poden, así mesmo, levar a cabo misións de evacuación dos residentes españois no estranxeiro, cando circunstancias de inestabilidade nun país poñan en grave risco a súa vida ou os seus intereses.

Artigo 16. *Tipos de operacións.*

O cumprimento das misións das Forzas Armadas e o desenvolvemento da súa contribución complementaria ou subsidiaria de interese público requiren realizar diferentes tipos de operacións, tanto en territorio nacional como no exterior, que poden conducir a accións de prevención de conflitos ou disuasión, de mantemento da paz, actuacións en situacións de crise e, se é o caso, de resposta á agresión. En particular, as operacións poden consistir:

a) Na vixilancia dos espazos marítimos, como contribución á acción do Estado no mar, a vixilancia do espazo aéreo e o control do espazo aéreo de soberanía nacional e aquelas outras actividades destinadas a garantir

a soberanía e independencia de España, así como a protexer a vida da súa poboación e os seus intereses.

b) Na colaboración en operacións de mantemento da paz e estabilización internacional naquelas zonas onde se vexan afectadas, a reconstrución da seguranza e a administración, así como a rehabilitación dun país, rexión ou zona determinada, conforme os tratados e compromisos establecidos.

c) No apoio ás Forzas e Corpos de Seguranza do Estado na loita contra o terrorismo e ás institucións e organismos responsables dos servizos de rescate terrestre, marítimo e aéreo, nas tarefas de busca e salvamento.

d) Na resposta militar contra agresións que se realicen utilizando aeronaves con fins terroristas que poñan en perigo a vida da poboación e os seus intereses. Para estes efectos, o Goberno designará a autoridade nacional responsable e as Forzas Armadas establecerán os procedementos operativos pertinentes.

e) Na colaboración coas diferentes administracións públicas nos supostos de grave risco, catástrofe, calamidade ou outras necesidades públicas, conforme o establecido na lexislación vixente.

f) Na participación con outros organismos nacionais e internacionais para preservar a seguranza e o benestar dos cidadáns españois no estranxeiro, de conformidade cos criterios de coordinación e de asignación de responsabilidades que se establezan.

Artigo 17. *Autorización do Congreso dos Deputados.*

1. Para ordenar operacións no exterior que non estean directamente relacionadas coa defensa de España ou do interese nacional, o Goberno realizará unha consulta previa e pedirá a autorización do Congreso dos Deputados.

2. Nas misións no exterior que, de acordo con compromisos internacionais, requiran unha resposta rápida ou inmediata a determinadas situacións, os trámites de consulta previa e autorización realizaranse mediante procedementos de urxencia que permitan cumprir con eses compromisos.

3. Nos supostos previstos no número anterior, cando por razóns de máxima urxencia non for posible realizar a consulta previa, o Goberno someterá ao Congreso dos Deputados o antes posible a decisión que adoptase para a ratificación, se é o caso.

Artigo 18. *Seguimento das operacións.*

O Goberno informará periodicamente, nun prazo en ningún caso superior a un ano, o Congreso dos Deputados sobre o desenvolvemento das operacións das Forzas Armadas no exterior.

CAPÍTULO II

Condicións das misións no exterior

Artigo 19. *Condicións.*

Para que as Forzas Armadas poidan realizar misións no exterior que non estean directamente relacionadas coa defensa de España ou do interese nacional, deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Que se realicen por petición expresa do Goberno do Estado en cuxo territorio se desenvolvan ou estean autorizadas en resolucións do Consello de Seguranza das Nacións Unidas ou acordadas, se é o caso, por organizacións internacionais de que España forme parte, particularmente a Unión Europea ou a Organización do

Tratado do Atlántico Norte (OTAN) , no marco das súas respectivas competencias.

b) Que cumpran cos fins defensivos, humanitarios, de estabilización ou de mantemento e preservación da paz, previstos e ordenados polas mencionadas organizacións.

c) Que sexan conformes coa Carta das Nacións Unidas e que non contradigan ou vulneren os principios do dereito internacional convencional que España incorporou ao seu ordenamento, de conformidade co artigo 96.1 da Constitución.

TÍTULO IV

Das regras esenciais do comportamento dos militares

Artigo 20. *Regras esenciais do comportamento dos militares.*

1. Mediante lei, de acordo coa Constitución, estableceranse as regras esenciais que definen o comportamento dos militares, en especial a disciplina, a xerarquía, os límites da obediencia, así como o exercicio do mando militar.

2. O Goberno, mediante real decreto, procederá, así mesmo, a desenvolver estas regras nas reais ordenanzas para as Forzas Armadas.

Artigo 21. *Réxime disciplinario.*

1. O réxime disciplinario das Forzas Armadas ten por obxecto garantir a observancia das regras esenciais que definen o comportamento dos militares e do ordenamento legal da función militar. A potestade disciplinaria correspóndelles ás autoridades e mandos establecidos na Lei orgánica do réxime disciplinario das Forzas Armadas, sen prexuízo da tutela xurisdiccional establecida no artigo 24 da Constitución.

2. Quedan prohibidos os tribunais de honra no ámbito militar.

TÍTULO V

Contribución á defensa

CAPÍTULO I

Preparación de recursos para contribuír á defensa

Artigo 22. *Disposición permanente dos recursos.*

1. O Goberno establecerá os criterios relativos á preparación e dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais non propiamente militares para satisfacer as necesidades da defensa nacional en situacións de grave ameaza ou crise, tendo en conta para a súa aplicación os mecanismos de cooperación e coordinación existentes entre os diferentes poderes públicos.

2. En tempo de conflito armado e durante a vixencia do estado de sitio, o sistema de dispoñibilidade permanente de recursos será coordinado polo Consello de Defensa Nacional.

CAPÍTULO II

Garda Civil

Artigo 23. *Garda Civil.*

A Garda Civil é un instituto armado de natureza militar, dependente do ministro do Interior no desempeño das funcións que se lle atribúen pola Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguraza, e do ministro de Defensa no cumprimento das misións de carácter militar que se lle encomenden.

Artigo 24. *Misións de carácter militar.*

O Goberno, mediante real decreto, regulará as misións de carácter militar a que se refire o artigo anterior, aplicando as condicións e o réxime de consulta previsto nesta lei ás misións que se realicen no exterior.

Artigo 25. *Coordinación de actuacións.*

En tempo de conflito bélico e durante a vixencia do estado de sitio, as actuacións da Garda Civil serán coordinadas polo Consello de Defensa Nacional, dependendo en tales supostos directamente do ministro de Defensa, nos termos que determine o presidente do Goberno.

CAPÍTULO III

Centro Nacional de Intelixencia

Artigo 26. *Centro Nacional de Intelixencia.*

O Centro Nacional de Intelixencia contribuirá á obtención, avaliación e interpretación da información necesaria para previr e evitar riscos ou ameazas que afecten a independencia e integridade de España, os intereses nacionais e a estabilidade do Estado de dereito e as súas institucións.

CAPÍTULO IV

Corpo Nacional de Policía

Artigo 27. *Corpo Nacional de Policía.*

O Corpo Nacional de Policía, nos supostos previstos no artigo 25, será coordinado polo Consello de Defensa Nacional, dependendo do ministro do Interior co alcance que determine o presidente do Goberno.

CAPÍTULO V

Contribución dos recursos nacionais

Artigo 28. *Sistema de cooperación en materia de protección civil.*

En tempo de conflito bélico e durante a vixencia do estado de sitio, o Consello de Defensa Nacional coordinará as actuacións do sistema de cooperación en materia de protección civil. Para estes efectos, a acción permanente dos poderes públicos terá en conta as directrices emanadas do Consello.

Artigo 29. *Achega doutros recursos.*

A achega doutros recursos provenientes da sociedade materializarase da seguinte forma:

a) De acordo co dereito e o deber que os españois teñen de defender España, segundo o establecido no artigo 30 da Constitución, a incorporación adicional de cidadáns á defensa apoiarase no principio de contribución gradual e proporcionada á situación de ameaza que sexa necesario afrontar, na forma que estableza a lei, mediante a incorporación ás Forzas Armadas dos reservistas que se consideren necesarios.

b) A contribución dos recursos materiais ás diversas necesidades da defensa efectuarase a través do órgano interministerial competente. A súa composición e funcións estableceranse regulamentariamente.

Artigo 30. *Zonas de interese para a defensa.*

Nas zonas do territorio nacional consideradas de interese para a defensa, nas cales se encontren constituídas ou se constituán zonas de seguranza de instalacións, militares ou civís, declaradas de interese militar, así como naquelas en que as exixencias da defensa ou o interese do Estado o aconsellen, poderanse limitar os dereitos sobre os bens propiedade de nacionais e estranxeiros situados nelas, de acordo co que se determine por lei.

Artigo 31. *Cultura de defensa.*

O Ministerio de Defensa promoverá o desenvolvemento da cultura de defensa coa finalidade de que a sociedade española coñeza, valore e se identifique coa súa historia e co esforzo solidario e efectivo mediante o cal as Forzas Armadas salvagardan os intereses nacionais. Así mesmo, o resto dos poderes públicos contribuirán ao logro deste fin.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Derróganse:

a) A Lei orgánica 6/1980, do 1 de xullo, pola que se regulan os criterios básicos da defensa nacional e a organización militar, modificada pola Lei orgánica 1/1984, do 5 de xaneiro.

b) A Lei orgánica 13/1991, do 20 de decembro, do servizo militar.

2. Igualmente, quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei orgánica.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno e o ministro de Defensa, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente lei orgánica.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial e preceptos con carácter de lei ordinaria.*

1. Esta lei orgánica dítase en virtude da competencia exclusiva do Estado en materia de defensa e Forzas Armadas, establecida no artigo 149.1.4.^ª e en relación co disposto no artigo 8.2 e no artigo 97, todos eles da Constitución.

2. Teñen carácter de Lei ordinaria o título III e os artigos 20.2, 22 e 24 a 31.

Disposición derradeira terceira. *Mandato lexislativo.*

O Goberno, no prazo de tres meses, deberá remitir ao Congreso dos Deputados un proxecto de lei reguladora dos dereitos fundamentais dos militares profesionais, que incluírá a creación do Observatorio da vida militar.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 17 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

18934 *LEI 21/2005, do 17 de novembro, de restitución á Xeneralidade de Cataluña dos documentos incautados con motivo da Guerra Civil custodiados no Arquivo Xeral da Guerra Civil Española e de creación do Centro Documental da Memoria Histórica.* («BOE» 276, do 18-11-2005.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e Eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Lei do 15 de setembro de 1932, ditada ao amparo da Constitución de 1931, aprobou o Estatuto de Cataluña, en virtude do cal se produciu o traspaso de funcións e servizos a esta. Pola Lei do 5 de abril de 1938 declaráronse «revertidos ao Estado a competencia de lexislación e execución que lle corresponde nos territorios de dereito común e os servizos que foron cedidos á rexión catalá en virtude da Lei do 15 de setembro de 1932». Como consecuencia da devandita norma, un conxunto de documentos e fondos documentais pertencentes aos entes e órganos integrados na administración da Xeneralidade foron incautados e depositados na súa maior parte nas dependencias da Delegación do Estado para a Recuperación de Documentos (DERD), órgano administrativo creado para a recompilación de documentación relacionada con persoas e institucións vinculadas á oposición ao réxime franquista, co fin de «subministrarlle ao Estado información referente á actuación dos seus inimigos», tal e como reza literalmente o Decreto do 26 de abril de 1938, polo que se creou a DERD.

A totalidade do persoal da DERD trasladouse a Cataluña ao ser ocupada. De alí transferiron as 160 toneladas de documentos requisados á sede central de recuperación de documentos en Salamanca, para a confección de fichas de antecedentes políticos que eran utilizadas nos consellos de guerra, os tribunais de responsabilidades políticas, os tribunais de depuración de funcionarios e o Tribunal Especial para a Represión da Masonaría e o Comunismo. Non obstante, unha gran parte dos documentos e efectos, ao careceren de valor para a devandita finalidade, foron destruídos, e aqueles que a Delegación